



Confederación Intersindical Galega

**C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA****Reunión da Comité de Seguridade e Saúde Intercentros**

No día de onte, en reunión urxente por videoconferencia, tivemos reunión da Comité de Seguridade e Saúde Intercentros para consensuar xunto co Servizo de Prevención da AEAT un Plan de Actuación da AEAT ante a crise sanitaria do coronavirus.

Este protocolo ten dúas partes básicas:

- Medidas preventivas de carácter colectivo e individual
- Guía de actuación fronte a casos confirmados de contaxio ou en investigación, que a súa vez establece unha serie de pautas ante tres situación posibles:
  - SITUACIÓN 1: Traballador confirmado ou probable
  - SITUACIÓN 2: Traballador en contacto estreito con caso confirmado ou probable (con síntomas)
  - SITUACIÓN 3: Traballador en contacto estreito con persoa en investigación (sin síntomas) ou contacto casual con caso confirmado

Aínda que a **CIG** pediu medidas moito máis drásticas para aplicar nos centros de traballo e non recolle todas as nosas peticións entendemos que é un primeiro paso para tratar de reducir ou minimizar o risco e tamén para que todos saibamos cómo ante actuar ante un contaxio no noso entorno de traballo. Por iso é moi importante que nos tomemos o tempo necesario en estudialo detidamente.

Na nosa quenda de intervención comentamos:

- Que para nós o Plan xa chega tarde, levamos presentados escritos para tratar este asunto, xa algúns a principios de febreiro. Solicitamos información clara e precisa do Servizo de Prevención da Axencia
- Pedimos a suspensión das citas de atención ao público ou redución ás mínimas imprescindibles. Os compañeiros de atención ao público están desesperados, sen información e, sobre todo, sen que a Administración tome ningunha medida ante a crise que estamos vivindo.
- Queixámonos porque non se nos fixo nin caso cando pedimos por escrito nos Comités de Saúde Laboral galegos solucións hidroalcohólicas para o persoal

de atención ao público, e agora vemos que tiñamos razón pois sí que se establece como medida preventiva

- Solicitamos a posibilidade do teletraballo para todo o persoal desde xa, non esperar a unha situación insostenible. De no ser posible, facelo de xeito inmediato para os traballadores especialmente sensibles: con enfermidades respiratorias, embarazadas así como os que deban facer grandes desprazamentos en transporte público.
- Pedimos reforzos nos contratos de limpeza. De nada serve dicir que hai que limpar mellor se non se dota economicamente para que as empresas poidan ampliar o horario dos traballadores que realizan esta labor.
- Que se den instrucións ás Unidades de RR.HH para que non se poña problemas nos permisos que se soliciten no caso de peche de colexios ou de centros de maiores, como pasou nalgúns casos en Madrid. Estamos nunha situación complicada e non queremos aínda por riba que se nos ande mareando á hora de solicitar os permisos correspondentes
- Pedimos coordinación co Ministerio de Facenda e co resto das empresas que traballan nos nosos edificios para que todos tomen as medidas preventivas e haxa intercambio de información.
- Solicitamos reforzo na prensa para que se informe aos contribuíntes de todos aqueles trámites que poden realizar desde casa. Póderíase por exemplo, mandar cartas de invitación ás persoas físicas para obter a Clave Pin
- Chamounos moito a atención que ninguén mencionaba a Campaña de Renda. Pedimos cambios nos prazos da Campaña de Renda, nos do trimestre e incluso Sociedades. Todos sabemos a grande afluencia de público que hai nas nosas oficinas xa desde abril.
- Pedimos tamén que se incluíse ao persoal de Aduanas e Vixilancia Aduaneira neste Plan, pois, incomprendiblemente, no primeiro borrador nin os mencionaba. En relación a este persoal pedimos explicacións acerca da redución das horas de limpeza nos barcos desde principios de xaneiro e comentamos que non é de recibo que non se mandaran mascarillas a todas as Bases da AEAT de Galicia e para iso, nalgúns sitios nin chegan para todo o persoal. Tivemos que presentar un escrito a principios de febreiro para que a AEAT tomara medidas.

O Servizo de Prevención mostrou a súa disposición a ir modificando o Plan para adaptalo á realidade que estamos vivindo e comentounos que algunha das decisións drásticas que pedíamos non eran da súa competencia pero que xa estaban sobre a mesa do responsable correspondente. Pola nosa parte, como traballadores queda cumprir estrictamente o Plan de Actuación e exisir da AEAT o seu cumprimento para atallar canto antes esta crise.